

ESQUEMA VIXILIA PASCUAL 2019

LUCERNARIO

MONICIÓN DE ENTRADA

Canto co cirio : **LUMIÑO DE LUA CLARA (82)**

PREGÓN PASCUAL

LITURXIA DA PALABRA

PRIMEIRA XÉNESE (1 Fornelos)

Canto: **MANDA O TEU ESPÍRITO (88)** (2 A Laxe)

Primeira oración cos nenos

SEGUNDA ÉXODO (3 Moscoso)

Canto: **IDE E PREGOADE A NOVA DE DEUS (56)** (4 Xunqueiras)

Segunda oración cos nenos

TERCEIRA ISAÍAS (5 Estacas)

Canto: **A TÚA PALABRA É O MEIRANDE BEN (17)** (6 Traspielas)

Terceira oración cos nenos

CUARTA EZEQUIEL (7 Ventín)

Canto: **VEÑA O TEU REINO SEÑOR (8 Verducido)**

Cuarta oración cos nenos

MONICIÓN Ó GLORIA

Canto: **GLORIA A DEUS (15)**

Quinta oración cos nenos

LECTURA DO N.T (ROMANOS) (9 Calvos)

Canto: **XESÚS É SEÑOR (25)**

EVANXEO

Canto: **XESÚS É SEÑOR (25)**

LITURXIA BAUTISMAL

LADAIÑAS

BENDICIÓN DA AUGA

RENUNCIAS AO MAL (10 San Vicente)

RENOVACIÓN DAS PROMESAS BAUTISMAIS (11 Mercedes)

ASPERSIÓN A TODO O POBO (**música de guitarra**)

Canto: **A AUGA DO SEÑOR (81)**

LITURXIA EUCARÍSTICA

OFRENDAS (**música de guitarra**)

Canto do santo: **SANTO (34)**

PREGARIA EUCARÍSTICA

Canto na paz: **DÉMONOS TODOS A MAN (39)**

Cantos na comuñón: **TODO O MUNDO UNHA FAMILIA (54)**

IDE E PREGOADE A NOVA DE DEUS (56)

NO COLO DA MIÑA NAI (55)

DESPEDIDA

Canto final: **XESÚS CHAMADO AMIGO (87)**

LITURXIA DA LUZ

MONICIÓN DE ENTRADA *(están as luces apagadas)*



Imaxe 101 foto do lume so ardendo

Xuntámonos hoxe aquí, e nesta noite para celebrar a festa máis importante dos cristiáns; a festa da Pascua.

Hoxe é a noite na que Xesús resucitou. E por iso é a noite da ledicia e da esperanza.

A pesares da dor e tristura que moitas veces se fan compañeiras no noso camiño,



Imaxe 102 foto de persoas ao lume na noite

non esquezamos que son moitos máis os momentos de ledicia, esperanza e fraternidade, compartidos no ámbito familiar, nas nosas relacións cos veciños ou no tempo disfrutado ao carón dos amigos. Todas estas experiencias de luz queremos agora bendicilas.

Queremos tamén que esta bendición e esta luz se abran camiño nos corazóns de todos para que chegue o momento en que ninguén sexa excluído como refuxiado ou emigrante. Porque todos somos refuxiados.

Nestes momentos difíciles para a igrexa que todos formamos non podemos esquecer o sufrimento dos que senten ou sentiron na súa vida a realidade dos abusos sexuais tanto por membros da xerarquía como por sacerdotes ou por outros cristiáns. Non queremos por tebras senón luz nas súas vidas.

A Resurrección de Xesús é a luz que nos permite descubrir que a nosa vida vale a pena, ¡ vale a pena vivir como Xesús viviu !.

Por iso o primeiro que fixemos para celebración de hoxe foi prender unha fogueira. Imos agora bendicila, e con ela acendemos o cirio pascual, Xesús resucitado, luz para nosa vida, *para os refuxiados, e para as vítimas de abusos.*

ORACIÓN

Deus, noso Pai, por medio de Xesús, o teu Fillo, déchesnos aos que cremos en Ti e a todos os homes e mulleres do mundo, o lume do teu amor. Santifica este lume (faise o sinal da cruz para bendicilo) e fai para que, cun corazón limpo e cheo de amor



Imaxe 103 foto de lareira ardendo (ao acender o cirio)

(o celebrante acende o cirio na fogueira e di:)

a luz de Cristo, que resucita hoxe glorioso, faga desaparecer a escuridade e as tebras da nosa vida: a tristura, o desánimo, o medo, o desalento, tamén a envexa, o egoísmo, as críticas, todo o que nos separa e nos divide. Que Xesús sexa sempre a nosa luz.

(Acéndense as primeiras luces)

Canto A CRISTO CANTAMOS 1 ou 82



Imaxe 104 foto de vela pequena (ao comezar as primeiras veliñas no cirio)



Imaxe 105 foto de varias velas pequenas (ao empezar a pasar velas á xente)

PREGÓN PASCUAL

HOXE É A NOITE DA RESURRECCIÓN E DA VIDA!



Imaxe 106 foto dos fogos artificiais (cando comeza o pregón)

Naquela noite a voz pregunta unha e outra vez:
cando será o día?, cando desaparecerá a tebra?

Naquela noite agromou a vida,
por iso non podemos calar, e unímonos para cantar:

IDE E PREGOADE A NOVA DE DEUS 2 ou 56

Non atopamos palabras abondo

que poidan dinamizar a esperanza das xentes.

Canto queda de noite, de soidade, de fracaso e de morte?.

A vida hoxe é a resposta,

a Vida co que trouxo a vida.

Por iso dicimos xuntos:

O SEÑOR RESUCITOU, TAMÉN NÓS RESUCITAMOS!

Pouco a pouco o frío da noite deixounos,

e chega o calor da acollida,

do perdón, da fraternidade e da paz.

Deus aliouse con nós.

Fíxonos o seu pobo, e non cansamos de dicir:

O SEÑOR RESUCITOU, TAMÉN NÓS RESUCITAMOS!

Busquemos logo esa paz,

fagamos do amor camiño,

afastémonos da morte e da violencia.

Non calemos diante dos que trafican coa vida,

dos que venden a verdade,

dos que negan o alimento,

dos que abusan dos máis febles,

dos que prenden lume ao monte.

O noso berro, Señor, fala de vida proclamando todos xuntos:

O SEÑOR RESUCITOU, TAMÉN NÓS RESUCITAMOS!

A tebra quedou atrás, algo novo comezou.
Alguén que chaman Xesús quixo ser un mais de nós.
A vida está a xermolar, o camiño vaise abrindo,
a esperanza non se foi, a morte volveuse vida.
O medo quedou atrás, e nós volvemos cantar:
IDE E PREGOADE A NOVA DE DEUS

Cristo xa resucitou!
A terra berra contenta,
a morte xa foi vencida,
grazas, Señor, da vida;
grazas pola ilusión que vas pondo
día a día nos corazóns e nos feitos.
Que nunca teñamos medo ou vergoña.
**Que manifestemos a nosa repulsa pola inxustiza
que se produce no abuso aos menores.**
Cristo, o Señor da vida xunta mans e corazóns,
como naqueles días dos incendios
para que todos vaíamos polos vieiros
que coidan a terra vencendo a mentira e a opresión.
Porque hoxe é noite de festa e de vida,
para sementar o froito da fraternidade,
para que agrome cada día solidariedade;
para que nos impliquemos no coidado da natureza.

Aleluia, é a pascua; aleluia, non perdemos ao Señor,
camiña á nosa beira tendo sempre man de nós.

Veciños e veciñas da comunidade de Os Cotos
por orden de Xesús Resucitado
quedan inauguradas as Festas da Pascua.

(Acéndense o resto das luces)

IDE E PREGOADE A NOVA DE DEUS 2 ou 56

(Ao rematar esta cantiga remata o pregón e non se poñen imaxes)

LITURXIA DA PALABRA

PRIMEIRA LECTURA: XÉNESE

Deus pon o coidado da terra nas nosas mans

Xa no comezo, Deus non fai distincións entre as persoas. Somos “á súa imaxe e semellanza”. E mandounos “enchede a terra e coidádea”. Pero non dixo que esa terra era duns poucos, senón de todos. As alambradas e os muros non están na creación, son cousa nosa.

Escoitándote Señor, queremos derrubar os muros da desigualdade e dos abusos. Queremos tamén afirmar o noso desexo de que ninguén se sinta superior aos outros e con dereitos sobre eles e as súas vidas.

Coidar non é queimar, coidar non é prender lume ao monte. Escoitemos o relato da creación.

Lectura do libro da Xénese



(Imaxe de auga, terra e ceo 201)

No principio creou Deus o ceo e a terra.

Despois dixo Deus:

- “Fagamos as persoas á nosa imaxe e semellanza e que mande nos peixes, nos paxaros, nos animais todos da terra”.

E creounos Deus á súa imaxe, varón e femia os creou.



(Imaxe dunha parella 202)

E bendiciunos así:

- “Reproducídevos, creced, enchede a terra e coidádea. Mandade nos peixes do mar, nos paxaros do ceo e nos animais todos da terra”.



(Imaxe da familia 203)

E díxolles aínda:

- “Douvos tamén as herbas todas que hai na terra, coa súa propia semente, e tódalas arbores que dan froito, a fin de que sirvan para vosa mantenza e a dos animais”.

E así foi.



(Imaxe de natureza 204)

E viu Deus canto fixera e velaí que era de verdade moi bo.

PALABRA DO SEÑOR

Canto: **MANDA O TEU ESPÍRITO (88)**

MANDA O TEU ESPÍRITO, MANDA O TEU ESPÍRITO,
MANDA O TEU ESPÍRITO, E RENOVA A FACIANA DA TERRA



(Imaxe 205 flores)

Ti enches de vida os ríos,
que corren entre montañas.
Nas súa ribeiras habitan paxaros
que cantan na ramallada.



(Imaxe 206 árbores)

MANDA O TEU ESPÍRITO, MANDA O TEU ESPÍRITO,
MANDA O TEU ESPÍRITO, E RENOVA A FACIANA DA TERRA



(Imaxe 207 canciños)

Cantas son Señor todas as túas obras.
Todas feitas con gran saber.
A terra está chea das túas criaturas.



(Imaxe 208 chapapote)

MANDA O TEU ESPÍRITO, MANDA O TEU ESPÍRITO,
MANDA O TEU ESPÍRITO, E RENOVA A FACIANA DA TERRA



(Imaxe 209 contaminación)

Primeira árbore e oración cos nenos



1 (Imaxe 210 refuxiados) **Pai da vida, ampara sempre os nosos días e fai que sexamos acolledores cos refuxiados.**



NO al abuso sexual infantil!
Detenerlo es tarea de TODOS!!

(Imaxe 211 abusos) **Fai que sexamos respectuosos coas nosas vidas e coas dos demais, máis aínda cando se nos aparece máis doída, ferida e abusada.**



(Imaxe 212 lume) **Dános forza para coidar a terra que Ti nos deches, facendo dela un fogar no que todos nos sintamos acollidos, unha terra agarimada e querida, lonxe dos que a matan con incendios mal intencionados. Por Cristo noso Señor.**

(as fotos dos refuxiados e dos abusos pónenas nos estandartes das parroquias, a foto do lume e a árbore pónena diante do altar, e o globo átano á árbore)

SEGUNDA LECTURA: ÉXODO

Deus fai amizade co pobo e camiña á nosa beira

Escoitaremos nesta lectura “Vai ser necesario que se poñan en camiño cara unha vida mellor”. A guerra, a fame, o maltrato, o abuso, a inxustiza non teñen cabida no mundo que, Ti, Señor, nos dás.

Os refuxiados enfróntanse cada día coa morte, como o pobo de Israel, na procura dunha vida mellor e máis digna.

Hoxe somos nós Señor o teu pobo, libéranos, e dáanos unha man para a procura dunha terra mellor coidada. Non podemos contentarnos con moito do que arde, se estropea e se contamina ao noso arredor. Escoitemos.

Lectura do libro do Éxodo
(Imaxe neno encadeado 213)



Naqueles días, o Señor díxolle a Moisés:
- “Decátome que o meu pobo non vive libre en Exipto. Están tendo que sufrir verdadeira escravitude. Vai ser necesario que se poñan en camiño cara unha vida mellor.

Manda ós israelitas que se poñan en marcha.



(Imaxe do pobo camiñando refuxiado 214)

Ti ergue a vara, e non lle teñades medo ao mar, que eu estarei á vosa beira e chegaredes á terra prometida.



(Imaxe de emigrantes en caiuco 215)

Perseguiranvos para que non fuxades na procura dunha vida máis digna, pero eu estarei do voso lado, e mostrareime glorioso á conta do faraón, dos seus carros e á dos seus exércitos, e aprenderán os exipcios que eu son o Señor”.

Moisés guiou ao seu pobo coa esperanza de poderen fuxir do sufrimento e da penuria.



(Emigrante galego 216) Cruzando o mar chagaron á Terra Prometida, e acadaron a liberdade. Nada puideron facer os exipcios no seu intento de seguir escravizando ao pobo do Señor.



(imaxe de abrazos de acollida 217) Aquel día liberou o Señor ao seu pobo da escravitude. O pobo recoñeceu que o Señor os tratara con man agarimosa e creron nel.

Entón, ao chegaren á Terra Prometida, Moisés e os israelitas cantaron e festexaron ao Señor.



(imaxe da festa na praia 218)

PALABRA DO SEÑOR

Canto: IDE E PREGOADE A NOVA DE DEUS (2 ou 56)

IDE E PREGOADE A NOVA DE DEUS,
IDE E PREGOADE A NOVA DE DEUS
IDE E PREGOADE POLO MUNDO ENTEIRO,
IDE E PREGOADE A NOVA DEUS

(Imaxe das cantareiras 219)



- "Cantarei ó Señor, que se cubriu de gloria,
O Señor é a miña forza, a razón do meu canto,
El é a miña salvación.

IDE E PREGOADE A NOVA DE DEUS,
IDE E PREGOADE A NOVA DE DEUS
IDE E PREGOADE POLO MUNDO ENTEIRO,
IDE E PREGOADE A NOVA DEUS

El é o meu Deus, e louvareino,
o Deus de meu pai, e ensalzareino.
O Señor reinará por sempre.

IDE E PREGOADE A NOVA DE DEUS,
IDE E PREGOADE A NOVA DE DEUS
IDE E PREGOADE POLO MUNDO ENTEIRO,
IDE E PREGOADE A NOVA DEUS

Segunda árbore e oración cos nenos



2 (Imaxe 220 refuxiados) **Pai da liberdade, son moitas as cousas que nos escravizan; libéranos a nós, aos refuxiados**



(Imaxe 221 abusos) **e aos que sufriron abusos de todas as cadeas para que cos demais e contigo academos a Terra da liberdade e da paz.**



(Imaxe 222 lume) **Axúdanos a ser un pobo acolledor, sempre atento para dar unha man á terra queimada porque a necesitamos agromando no maior dos respectos. Por Cristo noso Señor.**

(as fotos dos refuxiados e dos abusos pónenas nos estandartes das parroquias, a foto do lume e a árbore pónena diante do altar, e o globo átano á árbore)

TERCEIRA LECTURA: ISAÍAS

Deus alenta coa súa palabra

Moitas veces escoitamos a palabra de Deus pero cústanos poñela na nosa vida de hoxe. Esta lectura anímanos a unha resposta: dar unha man, axudar ao necesitado e ter tempo e agarimo para os outros.

Señor, que todas as persoas de ben escoitemos a túa palabra, e non apaguemos as ilusións e os dereitos dos homes e mulleres que sofren e se desesperan fuxindo coma refuxiados.

A túa Palabra Señor é semente de ecoloxía, a túa Palabra non cala os lumes mal intencionados, a túa Palabra é auga que rega alí onde o lume non deixou máis que cinsas. Escoitemos.

Lectura do libro do profeta Isaías

(imaxe das ilusións 223)



Isto di o Señor:

vinde onda min, facédeme caso e revivirán as vosas ilusións.

Velaquí: como a chuvia e a neve baixan do ceo e non voltan alá sen enchoupar a terra,

(Imaxe da horta 224)



fecúndala e facela brotar, para que lle dea semente ao que sementou e pan ao que come,

(imaxe froitos 225)



así tamén será a miña palabra que sae da miña boca:

(imaxe dunha biblia 226)



non volverá a min en van, senón que fará o que eu queira, e conseguirá aquilo para o que a mandei, pois a miña palabra alenta para dar unha man

(imaxe da axuda a muller maior 227)



alenta para axudar ao necesitado, alenta para ter tempo e agarimo para os outros .

(imaxe de dar de comer 228)



PALABRA DO SEÑOR.

Canto: A TÚA PALABRA É O MEIRANDE BEN

A TÚA PALABRA É O MEIRANDE BEN,
DÁNOLA ESPERANZA, MANTENNOS NA FE



(imaxe de nenos brindando 229)

Velaí, Deus é a miña salvación,
tereí confianza, e non medo.
El é a miña forza, por isto louvareino.
Si, o Señor é a miña salvación".

A TÚA PALABRA É O MEIRANDE BEN,
DÁNOLA ESPERANZA, MANTENNOS NA FE



(Imaxe de mans que dan grazas 230)

"Dádelle grazas ó Señor, invocate o seu nome.
Dade a coñecer entre os pobos os seus feitos,
facédelle a lembranza de que é grande o seu Nome.

A TÚA PALABRA É O MEIRANDE BEN,
DÁNOLA ESPERANZA, MANTENNOS NA FE

Terceira árbore e oración cos nenos



3 (Imaxe 231 refuxiados) **Pai de bondade son
moitos os xordos ás voces dos
refuxiados que reclaman ser
protexidos.**



(Imaxe 232 abusos) **Fai de nós unha comunidade
atenta para escoitarte e escoitar
sempre a voz dos que sofren abusos.**



(Imaxe 233 lume) **Aléntanos para ser unha
comunidade sensible aos berros da
natureza contaminada, e unha
comunidade atenta ás soidades dos
montes ardidos e aos atrancos que día a día
seguen a vivir tantas familias e pobos que todo
o atoparon feito cinsa e fumo.
Por Cristo noso Señor.**

(as fotos dos refuxiados e dos abusos pónenas nos estandartes das parroquias,
a foto do lume e a árbore pónena diante do altar, e o globo átano á árbore)

CUARTA LECTURA: EZEQUIEL

Deus agasalla con un corazón que ama

Dareivos un corazón novo. Que falta nos fai, Señor, o corazón de carne que saiba aceptar ao outro, corazón de carne que saiba compartir, corazón de carne que sufra co que sofre, corazón de carne que nos faga testemuñas de paz e irmandade.

Corazón de carne que empuxe na preocupación e no respecto pola natureza, corazón de carne que nos faga cribles facendo da terra casa común e ben coidada.

Lectura do libro do profeta Ezequiel



(*imaxe dos nenos de todas as razas 234*)

Di o Señor:

“ recollereivos das nacións, xuntareivos de tódolos países e traereivos á vosa terra.



(*imaxe do corazón 235*) Dareivos un corazón novo e poñerei nas vosas entrañas un espírito novo;



(*imaxe da muller soa 236*) sacarei da vosa carne o corazón de pedra, que tantas veces acarrexasoidades,



(*imaxe do corazón 237*) e poreivos un corazón de carne, para compartirdes de verdade.



(*imaxe de man ameazando 238*) Arrincareivos o corazón de pedra, que tantas veces vos enfurece,



(*imaxe da nai coa filla 239*) e poreivos un corazón de carne, para serdes cheos de agarimo.



(*nenos con armas 240*) Arrincareivos o corazón de pedra, que vos leva á violencia e ás liortas,



(*imaxe da xaula e a pomba 241*) e poreivos un corazón de carne, para serdes testemuñas de paz.

Porei nas vosas entrañas o meu espírito viviredes no país que lles dei a vosos pais:



(*imaxe dos Cotos 242*) Seredes o meu pobo e eu serei o voso Deus."

PALABRA DO SEÑOR

Canto: VEÑA O TEU REINO SEÑOR

VEÑA O TEU REINO SEÑOR, VEÑA O TEU REINO



(Imaxe de dar de comer ao maior 243)

Crea, Deus, en min un corazón puro,
renóvame por dentro cun espírito firme.
Non me botes da túa presenza
e non tires de min o teu santo espírito.

VEÑA O TEU REINO SEÑOR, VEÑA O TEU REINO



(Imaxe de dar comida ao neno 244)

Devólveme a alegría da túa salvación,
sostenme co espírito xeneroso.
Ensinarei o teu camiño ós pecadores
e volverán a ti os descarriados.

VEÑA O TEU REINO SEÑOR, VEÑA O TEU REINO

Cuarta árbore e oración cos nenos



4 (Imaxe 245 refuxiados) **Pai de misericordia
queremos ser un pobo cun corazón
novo, capaz de cambiar a historia.
Énchenos da túa forza para
compartir os soños dos refuxiados
aos que non se lles deixa vivir.**



(Imaxe 246 abusos) **Dáanos un corazón cheo de
agarimo e sen medo para non calar
ante os abusos que sofren moitas
vidas inocentes.**



(Imaxe 247 lume) • **Dáanos unhas mans atrevidas e
dispostas para que xunto con outras
moitas sigan facéndose cribles.
Por Cristo noso Señor. Amén.**

(as fotos dos refuxiados e dos abusos pónenas nos estandartes das parroquias,
a foto do lume e a árbore pónena diante do altar, e o globo átano á árbore)

MONICIÓN Ó GLORIA

É festa, é hora de louvar a Deus

Canto: **GLORIA A DEUS (3 ou 15)**

Quinta árbore e oración cos nenos



5 (Imaxe 248 refuxiados) Deus noso Pai, queremos ser irmáns de Xesús, humanidade nova para unha terra nova, que non nos falte a túa bendición para contaxiar de vida o mundo enteiro.



(Imaxe 249 abusos) Confiados en Ti queremos amosar a grandeza do amor do teu Fillo, pois El hoxe preséntasenos Resucitado a unha vida nova na que todos nos sintamos respectados.



(Imaxe 250 lume) Resucita tamén nos homes e mulleres da nosa terra cando fixemos das nosas mans loita contra tantos incendios mal intencionados. Así

tamén nós resucitamos con Cristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

(as fotos dos refuxiados e dos abusos pónenas nos estandartes das parroquias, a foto do lume e a árbore pónena diante do altar, e o globo átno á árbore)

LECTURA DO NOVO TESTAMENTO (ROMANOS)

Considerámonos vivos para Deus en Cristo

A Resurrección só é posible se somos capaces de vivir unha vida nova, sen fronteiras, onde poidamos gozar todos desta terra que Deus puxo nas nosas mans para ser felices.

Non hai dereito a contaminar, tampouco hai dereito a que uns lumes nos impidan o encontro cos demais, e nos pechen na miseria dunha terra que foi posta nas nosas mans para darnos vida.

Lectura da Carta aos Romanos



(Imaxe Cristo resucitado 251) Irmáns:

¿Ignorades que a cantos nos bautizaron en Cristo Xesús, bautizáronnos na súa morte? Enterráronnos, logo, con el polo bautismo na morte, para que, como Cristo resucitou dos mortos pola gloria do Pai, así tamén nós camiñemos nunha vida nova.

Pois se nos enxertaron nel pola semellanza dunha morte como a súa, seguro que tamén o farán por unha resurrección semellante.

Se xa morremos con Cristo, cremos que tamén viviremos con El. Considerádevos vivos para Deus en Cristo Xesús.

PALABRA DO SEÑOR

Canto: **XESÚS É SEÑOR (25)**

EVANXEO

Canto: **XESÚS É SEÑOR (25)**

HOMILÍA

LITURXIA BAUTISMAL

(Ao rematar a homilía pomos a imaxe do mar 301)


MONICIÓN AS LADAIÑAS



Esta parte da celebración xira arredor da auga. Ela enche de vida os mares, e ela enche tamén de vida a nosa terra de Os Cotos.



(*imaxe 302 regato*). E por ser a auga signo de vida, é tamén para nós signo de Resurrección. Hoxe traemos aquí auga recollida de todas as parroquias.



(*imaxe 303 fonte Baleiran as garrafas imaxe 304 auga soa*)



Esta auga que imos bendicir lémbra-nos o noso bautismo, a nosa incorporación a Cristo e a súa Comunidade, e purifica as nosas vidas. Porque somos igrexa, deixámonos enchoupar, sen medo, desta auga de vida.

Dirixamos a nosa oración a Deus, para que renazamos á fe e pidamos a axuda dos homes e mulleres de ben dicindo “Camiñade con nós”

SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE FORNELOS
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE SAN VICENTE
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE TRASPIELAS
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE XUNQUEIRAS
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE MOSCOSO
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE CALVOS
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE VENTÍN
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE ESTACAS
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE VERDUCIDO
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE A LAXE
TODOS OS HOMES E MULLERES DE BEN

BENDICIÓN DA AUGA

Benqueridos irmáns, pidámoslle humildemente a Deus, noso Pai, que bendiga esta auga en recordo do noso bautismo.

Que el nos renove interiormente, para permanecermos fieis ao Espírito que nos foi dado, de xeito que as nosas palabras e feitos fagan crible o evanxeo do Resucitado.

(silencio)

ORACIÓN

Señor da creación e do amor, que nos dás a auga da vida, e nos ofreces o bautismo como porta de entrada na comunidade cristiá, acompaña este momento no que, reunidos no teu nome, queremos facer da auga sinal da túa presenza.

Señor da creación e do amor, que nos dás a auga da vida, para lembrarnos que, a través dela, a forza do Espírito camiña sempre con nós.

Señor da creación e do amor, que nos dás a auga da vida, que nos ofreces en Cristo unha nova creación na que deixemos atrás a angustia, o enfrontamento e as ansias de aproveitarnos dos demais.

Mira, Pai, esta comunidade que hoxe quere renovarse coa forza da oración, e abre para ela a fonte do bautismo. Para que esta auga reciba, polo **Espírito Santo**, a graza do teu **Fillo**, de xeito que aqueles que creaches á túa imaxe e semellanza, polo bautismo morramos ao vello que levamos en nós e renazamos á luz dunha nova humanidade inaugurada en Xesús Resucitado.

Que a presenza do Espírito Santo, polo teu Fillo + descenda sobre esta auga, para que incorporados a Cristo, camiñemos cara á vida nova en esperanza. P.X.N.S. Amén.

RENOVACIÓN DAS NOSAS PROMESAS DO BAUTISMO

Benqueridos irmáns, por medio do noso bautismo participamos xa no misterio pascual de Xesús, fomos sepultados na morte para resucitarmos á nova vida. Por iso agora imos renovar as promesas do noso bautismo: por elas, un día, renunciaremos ao mal e comprometémonos a servir a Deus e a toda a humanidade.

RENUNCIAMOS AO MAL

(Imaxe do ameazante 305)



* Renunciades a crervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?

SI, RENUNCIO

(Imaxe de Haití 306)



* Renunciades a calar diante das inxustizas e as necesidades das persoas e das institucións, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?

SI, RENUNCIO

(Imaxe do neno famélico 307)



* Renunciades aos criterios e comportamentos que fan do diñeiro a aspiración mais grande da vida, que poñen o pracer por riba de todo; que procuran o negocio como un valor absoluto, mesmo por enriba das persoas, e que aprecian o ben propio como anteposto ao ben común?

SI, RENUNCIO

Agora renovamos a nosa fe (Imaxe duns pais con cativa 308)

SI, CREEMOS



Credes en Deus,

Pai e Nai de todos os homes e mulleres,
que nos agarima nas súas mans coidadoras e acolledoras?

SI, CREEMOS

(Imaxe de nenos compartindo 309)



Credes en Xesús Cristo,

o seu fillo benquerido,
sempre atento para dar unha man
resucitándonos para mellorar
e medrar no coidado da vida cos demais?

SI, CREEMOS

(Imaxe de mans enlazadas 310)



Credes no Espírito de Deus,

que nos alenta esperanza para soñar irmandade,
que nos alenta forza para berrar ante os abusos,
que nos alenta amor para coidar da nosa Terra?

SI, CREEMOS

(Imaxe de mellor pontes que muros 311)



Credes na Igrexa,

unha Igrexa que se fai crible en comunidade, acolledora, respectuosa e coidadora da terra e de todos os homes e mulleres que se senten inxustamente tratados?

SI, CREEMOS

XESTO DA ASPERSIÓN

(durante a aspersión imaxe 312 auga)

Canto: **A AUGA DO SEÑOR (81)**



LITURXIA EUCARÍSTICA



OFRENDAS *Imaxe 401 de pan e viño (a partir de iren buscar as ofrendas-OFERTORIO)*

Canto do santo: **SANTO (6 ou 34)**

PREGARIA EUCARÍSTICA



Imaxe 402 mans erguidas ao rezarmos ao Pai (Noso Pai)



Imaxe 403 mans unidas dámonos a paz (Paz)

Canto na paz: **DÉMONOS TODOS A MAN (39)**



Imaxe 404 partimos o pan (Durante a comunión)

Cantos na comunión: **TODO O MUNDO UNHA FAMILIA (5 ou 54)**

ACHARTE PRESENTE NA VIDA (9 ou 58)

NO COLO DA MIÑA NAI (8 ou 55)

SIGNO PARA CÁRITAS



Imaxe 501 (eslogan de caritas) cando os de caritas collen o farol e a auga

SIGNO DO FAROL



Imaxe 601 vela (Cando se achegan cos farois e os acenden)

SIGNO DA AUGA QUE VAI PARA PARROQUIA




Imaxe 701 auga (Cando se lle convida a achegarse á recoller auga)

SIGNO DO ESTANDARTE QUE VAI PARA PARROQUIA



Imaxe 801 auga (Cando se lle convida a achegarse á recoller a bandeira)

CONVIDADOS Á FESTA



Imaxe 901 Festa Os Cotos


DESPEDIDA

Canto final: XESÚS CHAMADO AMIGO (7 ou 87)

¡¡ ALELUIA !!

“CRISTO ESTÁ RESUCITADO”

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA